García Suárez (Xohan Ledo)



Nadal 78.

Querido Luis:

Chegaronme as "Imagenes de Galicia" que agradezo moito, e foron celebradas por todos. Celebración polo galano, e unha grande ademiración pros grabados tan abertamente fermosos, e pra a lección de historia, leccion fonda e inmensa. Digo inmensa e sei o que digo, pois que a cordialidade e o amor non teñen metro. Todos damos gracias.

Mandei xa a miña aportación ás homaxe que fan os arquitectos a Raside. Fin que

poida resultar un libro atinado e asisado xx a mais de suficentemeinte completo ao repar tirense entre varios o labor.Como xa saberás rematarom a sala no Museo de castrelos, coido telo escrito,e a impresión e moi boa,pesia a aculugamento de obras,na sala Masi-de e nas outras,que non deixa de ser esamgante pra a vision.A nova instalación do Mu-seo do Castro deixa mais acougo,e a presentación é xa en principio moito mais animadora; cando chegue a ficar asentada será unha groria ver o Mueso.

Mimi,Trichi,Ilda,Mima,Alberte e amis eu facemos votos pola vosa felicidade e bó cabo das vosas esperanzas pro ano 1979

Unha forte aperta

Ricardo